

CONCELLO DE VIGO
ALCALDÍA

Expediente nº: 180/143
CONTA XERAL ANO 2020

RESOLUCIÓN

Asunto: Rendición Conta Xeral ano 2020

Data límite da Rendición: 15 de maio

En cumprimento dos prazos previstos no artigo 212.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Presidente da entidade renderá a Conta antes do 15 de maio do exercicio inmediato seguinte ao que corresponda. O apartado 2) do devandito precepto, establece que a Conta Xeral de cada exercicio someterase antes do 1 de xuño do exercicio inmediato seguinte a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.

A Conta Xeral formouse nos prazos regulamentarios, polo que, vista a proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda,

RESOLVO:

a) Render a Conta Xeral do ano 2020, integrada por:

A Entidade Local

Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

O perímetro de consolidación é o previsto no artigo 166 do TRLRFL para os entes con orzamento limitativo.

Composta polos seguintes estados:

Balance.

Conta de resultado económico-patrimonial.

Estado de cambios no Patrimonio Neto.

Estado de fluxos de efectivo.

Estado de liquidación do Orzamento.


Memoria e demais estados complementarios.

A Memoria está conformada coa desagregación que establece Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local e coas explicacións e comentarios máis salientables dos feitos contables, financeiros e patrimoniais que aconteceron ao longo do ano 2020.

b) Someter a Conta ao ditame da Comisión Especial de Contas e aos requisitos e trámites que esixe o artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2021 09:42	Páxina 1 de 2
Expediente 180/143	CSV: 2DE5DB-3924C3-A1882H-MTA6PX-WBD2FL-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
ALCALDÍA

Expediente nº: 180/143
CONTA XERAL ANO 2020

En Vigo, a data da sinatura electrónica

O Tesoureiro e Director Superior Contable e Orzamentario: Luis García Álvarez

O ALCALDE - PRESIDENTE: Abel R. Caballero Álvarez

Dou fe, A SECRETARIA XERAL DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, sinatura electrónica

Concepción Campos Acuña

